Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A fonte dos tres xuncos

En Rubiás dos Mistos, na parroquia de Santiago de Rubiás, concello de Calvos de Randín (Ourense), hai un monte coñecido como A Torre que agacha unha fonte misteriosa.
Só pode vela quen non vaia penssando nela; o que debece por atopala pode pasar mil veces por cabo dela que nunca a chegará a ver.
Cabo da fonte nacen tres xuncos pero, coidado: segundo por cal puxes o destino resérvache ouro, prata ou carniza. Se sae ouro, serás rico toda a vida; se sae prata, quedas como estás; mais se o que sae é carniza todo o que che quede de vida serás un desgrazado.

[Recollido por José González Rodríguez en xaneiro de 1994 a Carme Escudero Rodríguez de 86 anos]

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, X. R., MIRANDA, X. E REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., «102 lendas e noticias lendarias», en Boletín Auriense, XXIV, 1994, páx.. 287- 336.